

ACTA N.º 5 DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 3 PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS C1, PERTENCENTES Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE RIANXO PARA O ANO 2025

Na Casa do Concello de Rianxo, sendo as 10:30 horas do día 21 de xullo de 2026, reúnese o Tribunal cualificador que avaliará o proceso selectivo.

Preside a sesión Eleuterio Pena Lamas, secretario do concello, e asisten como vogais:

Vogais:

Patricia Fernández Pérez, Interventora do Concello de Rianxo

Carlos Ces Ozores, Informático do Concello de Rianxo

Secretaria: Vanessa Reboredo Fraga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Rianxo

Non asisten:

Paloma Caínzos Orduna, Tesoureira do Concello de Rianxo

Primeiro.-A secretaria do tribunal dá conta do informe de alegacións emitido en data 29 de xuño de 2026 por parte do departamento de Rexistro do seguinte teor literal:

"ASUNTO: Convocatoria 3 prazas Administrativo C1 .

EXPEDIENTE: 2025/E001/000025

Período de alegacións:

Data de inicio: 16 de xuño 2026

Data de fin: 24 de xuño de 2026.

Neste rexistro consta as seguintes alegacións:

- O día 17 de xuño do 2026, co número de rexistro,202699900001944 María Nieves García Salido, presenta alegación de que hai un erro no seu código de identificación do seu exame, o

código correcto é 296692 é puxose 296696, en canto á corrección da puntuación é correcta .

- O día 18 de xuño de 2026, co número de rexistro 202699900001963, Oscar Manuel Nuñez Rois, presenta alegación que admítase a trámite e se dea coma resposta correcta a resposta a) da pregunta 47 e me dean a pregunta 92 como resposta en branco.

O que informo ós efectos oportunos, en Rianxo a 29 de xuño de 2026."

Segundo.- En relación á alegación con número de rexistro 202699900001944, a mesma xa foi resolta na acta nº 4 de data 18/06/2026, ao advertir que había un erro na transcripción do código asignado á aspirante.

Terceiro.- En canto á alegación co número de rexistro 202699900001963, o Tribunal considera que o prazo aberto para alegacións o era en relación ca corrección do primeiro exercicio, isto é, aos efectos de resolver cuestións vencelladas co cálculo da puntuación outorgada aos aspirantes unha vez resoltas as alegacións sobre as preguntas, non tendo obxecto alegar contra as preguntas xa anuladas.

A vista do exposto, o tribunal acorda inadmitir a trámite a alegación co número de rexistro

202699900001963.

Cuarto.- A continuación os membros do tribunal pasan a confeccionar o segundo exercicio, de conformidade co establecido nas bases.

O exame resultante, custodiase polo tribunal.

Cando son as 13: 30 levántase a sesión.

Rianxo, na data de sinatura dixital,

O presidente, Eleuterio Pena Lamas

A secretaria, Vanessa Reboredo Fraga,